

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

**10954** *Real decreto 897/2010, do 9 de xullo, polo que se modifica o Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo, en materia das obrigas de documentación das operacións vinculadas.*

A reforma do réxime de operacións vinculadas iniciada coa Lei 36/2006, do 29 de novembro, de medidas para a prevención da fraude fiscal, tivo como un dos seus principais obxectivos regular as obrigas da documentación que se debe xuntar a aquelas, co obxecto de adaptar a lexislación española ás directrices da OCDE e ao Foro Europeo sobre Prezos de Transferencia, así como de proporcionar unha maior seguridade. Esta reforma tivo o seu desenvolvemento regulamentario a través do Real decreto 1793/2008, do 3 de novembro, polo que se modifica o Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo.

Non obstante, o Real decreto lei 6/2010, do 9 de abril, de medidas para o impulso da recuperación económica e do emprego, modificou o artigo 16 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo, precisamente en relación coas obrigas de documentación, co obxecto de eximir destas aquelas empresas cuxa cifra de negocios do período impositivo non supere os 8 millóns de euros, sempre que o importe conxunto destas operacións realizadas polo suxeito pasivo nese período non supere os 100.000 euros. En definitiva, a dita norma establece unha primeira simplificación subxectiva por canto é aplicable exclusivamente ás empresas cuxa cifra de negocios non supere o dito importe, que alcanza a todas as operacións vinculadas calquera que sexa a súa natureza sempre que non se supere o dito importe, coa única excepción de que se realicen con persoas ou entidades residentes nun país ou territorio cualificado como paraíso fiscal. Por outra parte, a disposición adicional única do citado real decreto lei establece un prazo de tres meses desde a súa entrada en vigor para modificar a normativa tributaria que regula as obrigas de documentación, co obxecto de adaptala á xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea e ao dereito comparado.

Este real decreto dá cumprimento ao mandato recollido nesa disposición, de maneira que se reduce a carga formal que supoñen as obrigas de documentación das operacións vinculadas. Por iso, modifícase a normativa tributaria atendendo á necesidade de establecer un limiar mínimo cuantitativo por debaixo do cal non sexa necesario elaborar, salvo determinadas operacións, as obrigas de documentación exixidas polo Regulamento do imposto sobre sociedades. Este limiar mínimo é complementario do establecido polo Real decreto lei 6/2010, isto é, establécese unha segunda simplificación que alcanza todos os suxeitos pasivos do imposto, incluídas as empresas cuxa cifra de negocios do período impositivo non supere os 8 millóns de euros.

Así, quedan excluídas das obrigas de documentación o conxunto das operacións que non excedan os 250.000 euros, en cuxo cómputo non se teñen en consideración as operacións específicas para as que existe obriga de documentación, salvo que queden exceptuadas polo establecido no citado Real decreto lei 6/2010, realizadas no período impositivo coa mesma persoa ou entidade vinculada, calquera que sexa o tamaño da empresa e o carácter interno ou internacional das operacións. Esta exclusión esténdese tanto ás obrigas de documentación do grupo como ás correspondentes ao obrigado tributario. Non obstante, establécense certas excepcións a esta exoneración para determinadas operacións específicas: a primeira delas está prevista para as operacións realizadas con persoas ou entidades residentes en paraísos fiscais; a segunda excepción vai dirixida a determinadas operacións, como son as realizadas con persoas físicas ás cales resulte de aplicación o método de estimación obxectiva, sempre que se realicen no ámbito da actividade económica sometida ao dito método, ou ben, na transmisión de

negocios, carteiras, inmobles ou operacións con activos intanxibles que teñan esa cualificación segundo os criterios contables. Todas elas seguen conservando as obrigas de documentación existentes na actualidade. Por outra parte, para cuantificar o importe das operacións tense en consideración a contraprestación do conxunto destas.

Por tanto, en relación coas empresas de reducida dimensión o referido importe das operacións vinculadas excluídas da obriga de documentación suporá, na práctica, que estas empresas non se vexan incursas na necesidade de cumprir con esa obriga nas operacións vinculadas relacionadas coa actividade empresarial habitual que desenvolven esas empresas.

No mesmo sentido de simplificación das obrigas de documentación se estende a exclusión destas obrigas ás operacións que realicen as agrupacións de interese económico e unións temporais de empresas, tanto coas empresas membros desas entidades como con calquera outra empresa do mesmo grupo fiscal a que pertencen aquelas empresas membros, así como as realizadas entre entidades de crédito integradas a través dun sistema institucional de protección aprobado polo Banco de España, que teñan relación co cumprimento por parte do dito sistema institucional dos requisitos establecidos na alínea d) do número 3 do artigo 8 da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros.

Por outra parte, modifícase a alínea a) do artigo 64 do Regulamento do imposto sobre sociedades, co obxecto de adaptar a porcentaxe de retención do 19% ao establecido no número 6 do artigo 140 da Lei do imposto.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de xullo de 2010,

#### DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo:

Un. Con efectos para os períodos impositivos que conclúan a partir do 19 de febreiro de 2009, modifícanse os números 3 e 4 do artigo 18 do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo, e engádese o número 5, que quedan redactados da seguinte forma:

«3. Non será exixible a documentación prevista nesta sección ás persoas ou entidades cuxo importe neto da cifra de negocios habida no período impositivo sexa inferior a oito millóns de euros, sempre que o total das operacións realizadas no dito período con persoas ou entidades vinculadas non supere o importe conxunto de 100.000 euros de valor de mercado. Para determinar o importe neto da cifra de negocios teranse en consideración os criterios establecidos no artigo 108 da Lei do imposto. Non obstante, deberanse documentar en todo caso as operacións realizadas con persoas ou entidades vinculadas que residan nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal, excepto que residan nun Estado membro da Unión Europea e o suxeito pasivo acredite que as operacións responden a motivos económicos válidos e que esas persoas ou entidades realizan actividades económicas.

4. Tampouco será exixible a documentación prevista nesta sección en relación coas seguintes operacións vinculadas:

a) As realizadas entre entidades que se integren nun mesmo grupo de consolidación fiscal que optase polo réxime regulado no capítulo VII do título VII da Lei do imposto.

b) As realizadas cos seus membros ou con outras entidades integrantes do mesmo grupo de consolidación fiscal que optase polo réxime regulado no capítulo VII do título VII da Lei do imposto, polas agrupacións de interese económico de acordo co previsto na Lei 12/1991, do 29 de abril, de agrupacións de interese económico, e as unións temporais de empresas, reguladas na Lei 18/1982, do 26 de maio, sobre réxime fiscal de agrupacións e unións temporais de empresas e de sociedades de desenvolvemento industrial rexional e inscritas no rexistro especial do Ministerio de Economía e Facenda.

c) As realizadas no ámbito de ofertas públicas de venda ou de ofertas públicas de adquisición de valores.

d) As realizadas entre entidades de crédito integradas a través dun sistema institucional de protección aprobado polo Banco de España, que teñan relación co cumprimento por parte do referido sistema institucional de protección dos requisitos establecidos na alínea d) do número 3 do artigo 8 da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros.

e) As realizadas no período impositivo coa mesma persoa ou entidade vinculada, cando a contraprestación do conxunto desas operacións non supere o importe de 250.000 euros de valor de mercado. Neste cómputo exclúiranse as operacións a que se refiren os números 1.º, 2.º, 3.º e 4.º seguintes desta alínea.

O disposto na alínea e) anterior non se aplicará cando:

1.º Se trate de operacións realizadas con persoas ou entidades residentes en países ou territorios considerados como paraísos fiscais, excepto que residan nun Estado membro da Unión Europea e o suxeito pasivo acredite que as operacións responden a motivos económicos válidos e que esas persoas ou entidades realizan actividades económicas.

2.º Se trate de operacións realizadas por contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas, no desenvolvemento dunha actividade económica á cal resulte de aplicación o método de estimación obxectiva con sociedades en que aqueles ou os seus cónxuxes, ascendentes ou descendentes, de forma individual ou conxuntamente entre todos eles, teñan unha porcentaxe igual ou superior ao 25 por 100 do capital social ou dos fondos propios.

3.º A operación consista na transmisión de negocios ou valores ou participacións representativos da participación nos fondos propios de calquera tipo de entidades non admitidos a negociación nalgún dos mercados regulados de valores definidos na Directiva 2004/39/CE.

4.º A operación consista na transmisión de inmobles ou de operacións sobre activos que teñan a consideración de intanxibles de acordo cos criterios contables.

Cando ao obrigado tributario lle resulte de aplicación o establecido no artigo 16.6 deste regulamento, a non existencia das obrigas de documentación previstas nesta sección en relación coas prestacións de servizos profesionais entenderase sen prexuízo do deber de probar o efectivo cumprimento dos requisitos establecidos no citado artigo 16.6.

5. O obrigado tributario deberá incluír nas declaracións que así se prevexa, a información relativa ás súas operacións vinculadas nos termos que se establezan por orde do ministro de Economía e Facenda.»

Dous. Con efectos para os períodos impositivos que conclúan a partir do 19 de febreiro de 2009, modifícase o número 3 do artigo 20 do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo, que queda redactado da seguinte forma:

«3. As obrigas documentais previstas no número 1 anterior serán exixibles na súa totalidade, salvo cando unha das partes que interveña na operación sexa unha das entidades a que se refire o artigo 108 da Lei do imposto ou unha persoa física

e non se trate de operacións realizadas con persoas ou entidades residentes en países ou territorios considerados como paraísos fiscais, caso en que as obrigas específicas de documentación dos obrigados tributarios comprenderán:

a) As previstas nas alíneas a), b), c) e e) do número 1 cando se trate das operacións previstas no número 2.º da alínea e) do artigo 18.4 deste regulamento.

b) As previstas nas alíneas a) e e) do número 1, así como as magnitudes, porcentaxes, ratios, tipos de xuro aplicables aos descontos de fluxos, expectativas e demais valores empregados na determinación do valor cando se trate da operación prevista no número 3.º da alínea e) do artigo 18.4 deste regulamento.

c) As previstas nas alíneas a), c) e e) do número 1 nos supostos previstos no número 4.º da alínea e) do artigo 18.4 deste regulamento.

d) A prevista na alínea a) do número 1, así como a xustificación do cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 16.6 deste regulamento, cando se trate das prestacións de servizos profesionais ás cales resulte de aplicación o previsto no citado artigo.

e) As previstas nas alíneas a) e e) do número 1, así como a identificación do método de valoración utilizado e o intervalo de valores derivados deste, no resto dos casos.»

Tres. Con efectos para os períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2010, modifícase a alínea a) do artigo 64 do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo, que queda redactado da seguinte forma:

«a) Con carácter xeral, o 19 por cento.

Cando se trate de rendas procedentes do arrendamento ou subarrendamento de inmobles urbanos situados en Ceuta, Melilla ou as súas dependencias, obtidas por entidades domiciliadas nos ditos territorios ou que operen neles mediante establecemento ou sucursal, esta porcentaxe dividirase por dous.»

**Disposición transitoria única.** *Aplicación temporal.*

As modificacións introducidas por este real decreto nos artigos 18 e 20 do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo, sobre obrigas de documentación, teñen efectos para as operacións vinculadas realizadas nos períodos impositivos que conclúan a partir do 19 de febreiro de 2009, mentres que a modificación do artigo 64 ten efectos para os períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2010.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de xullo de 2010

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta segunda do Goberno  
e ministra de Economía e Facenda,  
ELENA SALGADO MÉNDEZ